


1.- Na Historia da Humanidade houbo, hai e haberá migracións. Unhas veces buscando mellor clima, outras por presión demográfica, económica ou fuxindo da guerra.

Hai moito tempo, nunha desas migracións, viñeron a estas terras unhas tribos que se asentaron e formaron unha cultura tan importante, que deixaron sinais que chegaron ata hoxe.

Que tribos eran?

2.- Os **CELTAS** eran un pobo sedentario e tranquilo, dedicado á agricultura, gandería e ó comercio. Facían as súas vivendas en sitios elevados, rodeadas de fortificacións para defenderse mellor.


Como se chamaban esas vivendas?



OS CASTROS eran construcións que se atopaban nos cumios dos montes, rodeados por varias murallas.

Dentro construían as vivendas de planta circular de pedra, madeira ou barro; segundo o lugar onde se construísen e dos materiais dispoñibles.

De que materiais estarían feitas aquí?



Eran verdadeiros artistas e traballaban ben a pedra, o barro e os metais; unhas veces como expresión, outras para adornos e a maioría como útiles de cociña.

Saberías deixar algunha imaxe de exemplo no taboleiro?



Hai algo máis de 2000 anos, un procónsul de Roma, subiu por terras lusitanas con miras a conquistar o Noroeste da Hispania . Os Gallaeci , xuntáronse para defender o seu territorio...

Escoitade ben!. Os rumorosos da Costa Verdescente , din que un numeroso grupo de xente guerreira e civil, vén cara as nosas terras coa intención de asentarse no último recuncho que lles queda por conquistar. Imos permitir que nos asoballen?



5.- Na longa loita contra o exército menos numeroso, pero ben preparado; os castrexos foron derrotados. Comezou entón outra época importante para nós.

Sabes de que exército se fala?